



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P., PARA INSTRUMENTAR UNHA SUBVENCIÓN DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO

En Santiago de Compostela e Madrid, a data da última sinatura electrónica realizada

INTERVEÑEN

23 de xuño de 2026

Dunha parte, D. José Carlos López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento como Conselleiro, por Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, D. Carlos Closa Montero, na súa condición de Vicepresidente de Organización y Relaciones Institucionales de la Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), nomeado por Acordo do Consello Reitor do CSIC, na súa reunión do 30 de novembro de 2022 (BOE 23/12/2022. Res. Presidencia CSIC do 14 de decembro de 2022, pola que se resolve convocatoria de libre designación), actuando en nome e representación desta institución en virtude das competencias que ten delegadas por resolución do 5 de decembro de 2023 da Presidencia do CSIC (BOE do 18 de decembro seguinte). Organismo con sede central institucional en Madrid (CP 28006), rúa de Serrano, 117, e NIF Q2818002D.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade e competencia suficientes para obrigarse mediante este convenio, en virtude do cal

EXPOÑEN

Primeiro: Que o CSIC, de conformidade co artigo 47 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación ("Lei da Ciencia"), é un Organismo Público de Investigación (OPI) da Administración Xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Investigación. O seu obxectivo fundamental é desenvolver e promover investigacións en beneficio do progreso científico e tecnolóxico, para o que está aberto á colaboración con entidades españolas e estranxeiras. Segundo o seu Estatuto (artigo 4), ten como misión o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter pluridisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias.

O CSIC está constituído como Axencia Estatal e, na devandita condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis a 108 sexies (introducidos pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para



2021) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas disposicións do seu Estatuto, aprobado por Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro.

En febreiro de 2021 o CSIC obtivo o recoñecemento da Comisión Europea «HR Excellence in Research» (HRS4R) como integrante da Estratexia de Recursos Humanos para Investigadores. Este selo recoñece o compromiso do CSIC co desenvolvemento dunha estratexia de recursos humanos para o persoal investigador aplicando os principios da Carta Europea do Investigador e o Código de Conduta na contratación de investigadores.

Segundo: Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias sobre investigación científica e técnica de acordo co artigo 27-19º da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía.

Terceiro: Que o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) é un instituto de investigación de titularidade compartida entre o CSIC e a Xunta de Galicia, sen personalidade xurídica diferenciada, cuxos obxectivos principais son a investigación, a transferencia, a divulgación e a formación no ámbito da Historia, orientadas á identificación, análise e contextualización do patrimonio cultural e do seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia, desde un enfoque interdisciplinar e coa integración de metodoloxías innovadoras propias da sociedade dixital.

Cuarto: Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro do ámbito das súas competencias, móstrase receptiva a todas aquelas iniciativas que teñan por obxecto a investigación e difusión do Patrimonio Cultural de Galicia.

Quinto: Que a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 122 establece as obrigacións da Xunta de Galicia en materia de difusión, formación e educación, determinándose no seu punto 3º que “promoverá a formación, o ensino especializado e a investigación nas materias relativas ao estudo, á conservación e ao enriquecemento do patrimonio cultural e establecerá os medios de colaboración adecuados para este fin coas universidades e os centros de formación e investigación especializadas”.

Sexto: Que ambas as partes subscribiron, en data 16 de outubro de 2023, un convenio polo que se instrumentaba unha subvención da Xunta de Galicia ao CSIC para o desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e actualmente desexan dar continuidade á mencionada cooperación, incidindo no interese común na investigación e difusión do Patrimonio Cultural de Galicia.

En atención a todo cuanto acábase de expoñer, as dúas partes, no exercicio das súas respectivas facultades e entendendo beneficiosa para ambas as a colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador, subscriben o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases da subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas para



levar a cabo as seguintes actividades dentro da área e disciplinas que desenvolve o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento:

- **Reforzo da liña de investigación sobre Patrimonio e identidade en Galicia: historia social do poder desde a Idade Media.**

Investigacións centradas no estudo das relacións de poder en Galicia, principalmente entre os séculos XIII e XVII, a través de aproximacións de diversa natureza, alén da elaboración de repertorios documentais en formato dixital e de coleccións ou inventarios patrimoniais de bens materiais ou inmateriais de Galicia (entre outros, de arquitectura señorial de contornas rurais, como fortalezas, torres ou casas solariegas). Todo iso co obxecto de contribuír cun sólido soporte heurístico á correcta identificación e adecuada contextualización de parcelas moi estimables do Patrimonio Cultural galego, o que permitirá un avance no coñecemento que redunde en promover unha maior e mellor protección, conservación e difusión -ou rentabilización social- do Patrimonio Cultural de Galicia como bens de carácter singular para a súa posible inclusión nas distintas categorías de protección que contempla a Lei 5/2016, do 4 de maio.

- **Reforzo da liña de investigación sobre Paisaxes, colectivos e institucións culturais de Galicia.**

As investigacións contempladas nesta liña buscan profundar no coñecemento científico dos bens patrimoniais en ámbitos xeográficos singulares polo seu valor cultural. Faise a partir dunha concepción holística da paisaxe antropoxénico e o consecuente ecosistema territorial, así como a súa relación co propio territorio, o patrimonio e o turismo. Este obxectivo xeneral pódese comprender mellor, tanto co estudo da conformación da conciencia galega e dalgunhas das institucións que canalizaron o devir científico-cultural da Galicia contemporánea, como dos documentos xerados no marco das mesmas, todo iso debidamente valorizado e contextualizado a partir do seu coñecemento, estudo e difusión.

- **Reforzo da transferencia do coñecemento e da asesoría técnica en ámbitos de estudo relacionados co Patrimonio Cultural de Galicia.**

O coñecemento científico, os resultados da investigación e as capacidades desenvolvidas nas liñas de investigación precedentes pódense aplicar á xeración de espazos de promoción, colaboración, de intercambio de información e a accións de asesoramento en diferentes ámbitos do Patrimonio Cultural de Galicia, de bens históricos ou de interese cultural de diverso tipo e entidade que son obxectode estudo nas liñas de investigación sinaladas.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS), instituto de investigación de titularidade compartida entre o CSIC e a Xunta de Galicia, sen personalidade xurídica diferenciada, ten como obxectivos principais a investigación, a transferencia, a divulgación e a formación no ámbito da Historia, orientadas á identificación, análise e contextualización do patrimonio cultural e do seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia, dende un enfoque interdisciplinar e coa integración de metodoloxías innovadoras propias da sociedade dixital. Estas actuacións se encadran dentro da liña de actividades que contribúen o enriquecemento do patrimonio cultural galego, ao tempo que se considera de interese social a realización das mesmas.



Segunda: Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia contribuirá ao cumprimento dos obxectivos do presente convenio mediante unha achega con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.433A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, por un importe máximo de 150.000,00 € a transferir ao CSIC, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	Total
50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	150.000,00 €

Dos referidos importes o CSIC, conforme a normativa interna (Norma para a determinación, aplicación e distribución dos custos indirectos da actividade investigadora no CSIC, "Norma COIN", aprobada por Resolución do Presidente do CSIC do 29 de decembro de 2009), detraerá a porcentaxe correspondente a gastos de infraestrutura en concepto de custos indirectos (23,5% sobre o ingreso).

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

En virtude do disposto no Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2022/C 414/01), a esta axuda non lle resulta de aplicación o citado Marco, por tratarse de axudas dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico, por parte dun organismo de investigación sen ánimo de lucro, e darse difusión dos resultados da actividade do organismo de investigación subvencionado e ao dispor de todos de forma indiscriminada, de modo que non se produce vantaxe económica para a entidade subvencionada.

Terceira: Deberes do beneficiario

Son deberes do beneficiario os seguintes:

- Destinar o importe de financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se recolle no mesmo, no período de vixencia comprendido neste.
- Comunicar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o adecuado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, a investimento obxecto deste convenio.



- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- O beneficiario consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que procedan, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora, alén da do CSIC.
- Acreditar ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con anterioridade á firma do presente convenio, o seguinte:
 - Estar ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e non ter pendente de pago ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
 - Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta: Comisión de seguimento e control

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes.

As funcións desta comisión serán as de coordinación e control do grao de realización do convenio, e ambas as partes asinantes comprométese a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da comisión mixta de seguimento e control.

A comisión poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento interno, e a falta delas rexeráse polas normas que en materia de órganos colexiados inclúe a Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (arts. 15-22)

Quinta: Xustificación

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de forma indubidable á natureza da actividade subvencionada e realícense no período de vixencia do convenio. Admitíranse aqueles gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026 ata a data límite de vixencia do convenio.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos privados sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, consideraranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.



Documentación a presentar polo beneficiario:

Para a percepción da axuda será necesario presentar ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a seguinte documentación:

- Certificación detallada dos gastos, expedida pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos recibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigacións por reintegro de subvencións (Anexo II).
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
- Informe ou memoria sobre as actividades realizadas, onde se describan os resultados dos estudos e investigacións realizados, reflectindo o proceso do traballo seguido de acordo coas actividades obxecto do convenio.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación dos gastos queda fixado no 15 de decembro de cada un dos tres anos de vixencia do presente convenio. Admitiranse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026.

Os gastos posteriores ao 15 de decembro nas anualidades de 2026 e 2027 poderán ser imputados á anualidade seguinte.

Os gastos de seguridade social que se devindiquen no último mes de cada anualidade, pero que non poidan ser ingresados na anualidade correspondente de acordo coa normativa reguladora da Seguridade Social, poderán ser imputados á anualidade seguinte, excepto os da última anualidade do convenio que se someterán ao réxime ordinario de xustificación.

Pago da subvención: realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pago realizarase pola parte proporcional correspondente á contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.



Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido determinará a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención.

Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, reservarase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non asume máis obrigação que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente convenio non conleva por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: Período de vixencia

A vixencia do presente convenio estenderase desde o día da súa firma ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.

Oitava: Outros deberes do beneficiario

- Non alterar o destino da achega.
- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada neste convenio.
- O beneficiario deberá dar cumprimento ás obrigacións de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Prestar colaboración e facilitar toda documentación sexalle requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Ademais son obrigacións do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Novena: Subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderanse subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incorrer a entidade para a realización da súa actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e polo artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décima: Réximen xurídico

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental dunha subvención, rexerase polo previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

Ademais, conforme o apartado 9 do mesmo artigo 48 da LRJSP, as normas do Capítulo VI (“Dos Convenios”) do Título Preliminar da LRJSP non serán de aplicación ao convenio, tendo en conta que este constitúe a terminación convencional dun procedemento administrativo.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas pola Comisión de seguimento e control ou en vía administrativa, poderán ser resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima: Causas de resolución anticipada. Extinción do convenio.

O presente convenio extinguirase por incorrer en causa de resolución ou polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto. Son causas de resolución:

- O transcurso do seu prazo de vixencia inicial ou da súa prórroga se é que esta se acordou.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes. Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora para que cumpra nun determinado prazo. Este requirimento será comunicado á parte incumpridora a través da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo, persistise o incumprimento, a parte comunicante notificará á incumpridora a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos se os houbese.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa prevista nas leis ou noutras normas de aplicación xeral.

O cumprimento e resolución do convenio dará lugar á súa liquidación co obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes. No caso de que, no momento da resolución do convenio, existisen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización daquelas actuacións que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para su finalización.

Duodécima: Publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo, procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicárase á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

Decimotercera: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e, por tanto, a recibir notificacións por medios electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta: Protección de datos

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 2016/679 Xeneral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigacións derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes subscríbennos electronicamente nos lugares sinalados no encabezamento e a data da última firma realizada.

O Conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude de la Xunta de Galicia

El Vicepresidente de Organización y
Relaciones Institucionales de la Agencia
Estatad Consejo Superior de
Investigaciones Científicas, M.P.

José Carlos López Campos

Carlos Closa Montero



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/
Dona _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación _____,
devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, firma esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, de _____ de 2026



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ÓRGANO COMPETENTE DA ENTIDADE CSIC, DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Don/Dona _____, con DNI _____
_____, en nome e representación da entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obrigación por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Firma)



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dona _____, con DNI _____
_____, en nome e representación da entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que a entidade á cal representa é titular da conta corrente que a continuación se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da firma deste convenio.

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Firma)